



ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Emprego e Igualdade

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Emprego e Economía Social

Resolución para a inscrición e publicación do convenio colectivo da empresa Servicios y Mantenimientos JOGA, SL para o persoal da limpeza industrial da refinería REPSOL-Petróleo da Coruña 2021-2023

Expediente: 15/01/0100/2021

O 23 de xullo de 2021 inscribiuse no REGCON o convenio colectivo da empresa Servicios y Mantenimientos JOGA, SL para o persoal da limpeza industrial da refinería REPSOL-Petróleo da Coruña 2021-2023 (código 15004171012004).

O 3 de setembro de 2021 e o 21 de xaneiro do 2022, persoal desta xefatura territorial emitiu sendas comunicacións de subsanación para emendar/aclarar unha serie de aspectos da documentación presentada, que foron respondidas, respectivamente, o 23 de setembro de 2021 e o 24 de xaneiro do 2022, coa achega dunha serie de documentos.

A tramitación deste procedemento regúlase no artigo 90 e concordantes do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (BOE núm. 255, do 24 de outubro de 2015), no artigo 2.1 e concordantes do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, (BOE núm.143, do 12 de xuño de 2012) e na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 222, do 18 de novembro) modificada pola Orde do 14 de marzo (DOG núm. 60 de 26 de marzo de 2013).

A persoa titular desta xefatura territorial é a competente para resolver a inscrición do convenio colectivo de referencia e para dispoñer a súa publicación segundo o disposto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 190, do 18 de setembro de 2020) e no seu artigo 57, en consonancia co artigo 28 do Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG núm. 253, de 17 de decembro de 2020).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Inscibir no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia o convenio colectivo da empresa Servicios y Mantenimientos JOGA, SL para o persoal da limpeza industrial da refinería REPSOL-Petróleo da Coruña 2021-2023 (código 15004171012004).

2. Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 27 de xaneiro de 2022

A xefa territorial

Judit Fontela Baró

CONVENIO COLECTIVO DA EMPRESA “SERVICIOS Y MANTENIMIENTOS JOGA S.L.” (ANTES EULEN S.A.) PARA O PERSOAL DA LIMPEZA INDUSTRIAL DA REFINERÍA DE REPSOL-PETRÓLEO DE A CORUÑA 2021-2023

Código convenio: 15004171012004

Artigo 1º.-Ámbito funcional e territorial.

Son asinantes do presente convenio dunha parte a representación da empresa e da outra o seu delegado de persoal neste centro de traballo.

Este convenio regulará as relacións de traballo entre a empresa “SERVICIOS Y MANTENIMIENTOS JOGA S.L.”, adicada á limpeza industrial da Refinería de A Coruña, e as súas persoas traballadoras adscritas ao contrato de limpeza industrial e calquera que o suceda.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

Afecta a todas as persoas traballadoras adscritas á limpeza industrial da refinería de “REPSOL-PETRÓLEO” de A Coruña.

Artigo 3º.-Vixencia e duración.

Este convenio terá unha vixencia de tres anos, dende o 1 de xaneiro de 2021 ao 31 de decembro de 2023.

Artigo 4º.-Denuncia.

O presente convenio deberá denunciarse por calquera das partes antes dos tres últimos meses do ano 2023.

As partes comprométese a, unha vez denunciado o convenio para o ano 2024, iniciar as negociacións, ao máis tardar, no mes de decembro de 2023.

Artigo 5º.-Prórroga.

O presente convenio prorrogarase tácitamente de ano en ano se ningunha das partes o denunciase ao seu termo ou ao dalgunha das súas prórrogas.

No caso de prorrogarse por un ano, efectuarase un aumento salarial equivalente ao incremento porcentual do IPC real no seu conxunto estatal nos doce meses anteriores.

Artigo 6º.-Comisión paritaria.

Créase unha comisión paritaria, segundo o establecido no artigo 85.3h do E.T., no momento da sinatura do presente convenio. Esta comisión paritaria, constituída por un representante da parte empresarial e un da parte social, será o organismo encargado da interpretación, aplicación e vixilancia do presente convenio.

Esta comisión paritaria coñecerá daquelas cuestións establecidas na lei e en particular no Real Decreto Lei 7/2011 de 10 de xuño. O prazo de actuación desta comisión establécese en 10 días. Para solucionar as discrepancias no seo de dita comisión, as partes someteranse aos sistemas non xudiciais de solución de conflitos de traballo establecidos no Acordo Interprofesional Galego (AGA) nos propios termos en que neste están formulados.

Artigo 7º.-Condicións máis beneficiosas.

As persoas traballadoras que con anterioridade á sinatura do convenio desfrutasen de condicións máis beneficiosas, consideradas en conxunto e cómputo anual, que as aquí pactadas conservarán as mesmas.

Artigo 8º.-Xornada laboral.

A xornada máxima será de 37,5 horas semanais de luns a venres de traballo efectivo. A distribución farase a xeito de calendario anual, o cal deberá ser asinado polo representante das persoas traballadoras.

Artigo 9º.-Salarios.

Os salarios son os estipulados nas táboas salariais anexas. As retribucións do presente convenio colectivo enténdense na súa totalidade e non polo desglose individualizado dos diferentes elementos e conceptos que o compoñen.

Incremento en todos os conceptos económicos do convenio de:

Para 2021: 0,0%. Revisión salarial: Se o IPC estatal de 2021 fose superior ao 2%, a diferenza entre o IPC real e o 2% aplicaríase á táboa salarial con data de 01-01-2021.

Para 2022: 2,5%. Revisión salarial: Se o IPC estatal de 2022 fose superior ao 2%, a diferenza entre o IPC real e o 2% aplicaríase á táboa salarial con data de 01-01-2022.

Para 2023: 3,5%. Revisión salarial: Se o IPC estatal de 2023 fose superior ao 2%, a diferenza entre o IPC real e o 2% aplicaríase á táboa salarial con data de 01-01-2023.

Se a aplicación da revisión salarial de cada ano implicase o pago de atrasos, a empresa tería ata a nómina de Marzo para abonar ditos atrasos.

Artigo 10º.-Antigüidade.

Abónase un complemento persoal de antigüidade fixado en trienios, segundo as contías fixadas no anexo III do “Convenio Colectivo de Limpeza de Edifícios e Locais de A Coruña 1998-2001”. Dende o 31.12.98 non se devengaron novos trienios. A todas aquelas persoas traballadoras que tiveron pendente de cumprir un novo trienio, a excepción daquelas que contén cunha antigüidade posterior ao 01.01.98, abónaselles a parte correspondente ao tempo transcorrido dende a data do último trienio cumprido e o 31.12.98, rateado por meses, e nas contías que se establecen no anexo III do convenio colectivo mencionado anteriormente. A suma destas cantidades pasou a denominarse Complemento de Antigüidade Consolidada.

Pola desaparición do complemento de antigüidade, dende do 01.01.99, todas as persoas traballadoras percibiron unha compensación económica segundo as cantidades e polos conceptos establecidos no anexo IV do convenio colectivo xa citado, abonados no período de 6 anos de 1999 a 2004, a razón de 1/6 anual.

O complemento de antigüidade consolidada que veñen percibindo as persoas traballadoras adscritas á limpeza industrial da refinería de “REPSOL-PETRÓLEO” de A Coruña con anterioridade ao 31-12-1998, terá o mesmo incremento que o que experimenten as retribucións salariais.

Artigo 11º.-Plus de centro de traballo.

Establécese este plus para as persoas traballadoras do centro cunha antigüidade mínima de 5 anos. No caso de faltar ao traballo un día ou dous medios, sen xustificar, descontarase a totalidade do plus mensual. O importe deste plus é o establecido nas táboas salariais anexas.

Artigo 12º.-Plus de asistencia.

Establécese un plus de asistencia para todas as persoas traballadoras calquera que sexa a súa antigüidade ou grupo profesional. No caso de faltar ao traballo un día ou dous medios, sen xustificar, descontarase a totalidade do plus mensual. O importe do mesmo é o establecido nas táboas salariais anexas.

No caso de enfermidade descontarase a parte proporcional aos días faltados, coas excepcións que quedan recollidas no artigo 38 do convenio.

Artigo 13º.-Plus de transporte.

Establécese un plus de transporte para todas as persoas traballadoras calquera que sexa a súa antigüidade ou grupo profesional. O importe deste plus é o establecido nas táboas salariais anexas.

Este plus percibirase nas 12 mensualidades, e a prorrata da xornada realizada.

Artigo 14º.-Plus de tóxicos.

Todas as persoas traballadoras que realicen as súas funcións en “REPSOL- PETRÓLEO” percibirán un plus de tóxicos dun 20% do salario base.

Artigo 15º.-Plus de actividade.

Establécese un plus de actividade para todas as persoas traballadoras calquera que sexa a súa antigüidade ou grupo profesional. O importe do mesmo é o establecido nas táboas salariais anexas.

Artigo 16º.-Plus de traballos en máxima e traballos con ERA/ERSA.

Este plus percibirase cando se traballe en máxima ou con ERA´s/ERSA´s, independentemente que o traballo sexa toda a xornada ou só parte dela. Se se dan as dúas condicións cobrarase por cada unha delas. O importe do mesmo é o establecido nas táboas salariais anexas.

Artigo 17º.-Horas extraordinarias.

As partes asinantes do presente convenio acordan a conveniencia de reducir ao mínimo indispensable a realización de horas extraordinarias, axustándose aos seguintes criterios:

a) Horas extraordinarias que veñan esixidas pola necesidade de reparar sinistros ou outros danos extraordinarios e urxentes, así como no caso de risco de perda de materias primas: si á súa realización.

b) Horas extraordinarias habituais: supresión.

c) Horas extraordinarias estruturais, que serán as necesarias por contratos ou períodos punta de produción, ausencias imprevistas, cambios de quendas e outras circunstancias de carácter estrutural ou técnico da propia natureza da activi-

dade: mantemento, sempre que non quede a utilización das distintas modalidades de contratación temporal ou parcial previstas na lei.

d) En relación ao obxectivo de estimular a creación de emprego a través da redución de horas extraordinarias, as partes coincidiron na importancia do rigoroso cumprimento do artigo 35 do E.T. O incumprimento deste artigo será considerado falta grave.

O prezo das horas extraordinarias é o estipulado nas táboas salariais anexas. As horas extraordinarias poderán ser xerais, festivas e festivas-nocturnas. Enténdese por festivas as horas traballadas en sábados, domingos, festivos e noites dos días laborais. Festivas-nocturnas son as traballadas nas noites dos sábados, domingos e festivos.

As horas pódense compensar en efectivo ou en tempo equivalente de descanso, previo acordo entre as partes:

5 horas extras normais: 1 xornada de descanso.

4 horas extras festivas: 1 xornada de descanso.

No caso de que a empresa requira a realización de horas extraordinarias a calquera persoa traballadora estando esta no seu período de descanso e estas non superen o número de tres, abonaráselle media hora mais en concepto de extra, como axuda de transporte.

Artigo 18º.-Dietas.

Establécese un importe mínimo para as dietas cando se teña que comer e pernoctar fóra da casa, cando se realicen as dúas comidas principais fóra do domicilio e cando se realice unha soa comida, estipulado nas táboas salariais anexas. Se, por necesidades do servizo, a comida retrasárase ou adiantárase como mínimo media hora a empresa abonaría a comida.

Artigo 19º.-Retén.

A Empresa procurará evitar que as persoas traballadoras que estean de retén se queden a facer horas extraordinarias, a non ser, que ditas horas pertencen ao retén. O importe do Retén é o estipulado nas táboas salariais anexas.

A partires do un de xaneiro de 2014 cada persoa traballadora que estea de retén recibirá ademais por cada día festivo que coincida entre luns e venres o estipulado nas táboas salariais anexas.

Artigo 20º.-Nocturnidade.

Fíxase un plus de traballo nocturno dun 30% do salario base das táboas anexas para todas as persoas traballadoras que presten os seus servizos entre as 22 e as 6 horas.

Todo o persoal que traballe máis do 80% da súa xornada en horas nocturnas, cobrará o plus de nocturnidade sobre o 100% do salario base mensual.

Artigo 21º.-Limpeza de tanques.

A empresa e o representante das persoas traballadoras negociarán a prima a percibir polas persoas traballadoras antes da limpeza de cada tanque.

A prima corresponde independentemente que á persoa traballadora realice as súas funcións dentro ou fóra do tanque.

Artigo 22º.-Pagas extraordinarias.

Todo o persoal percibirá dúas pagas extraordinarias: paga extra de xullo e paga extra de Nadal. As citadas pagas abonaranse co mes de xuño a paga de xullo e co mes de novembro a de Nadal.

O devengo das citadas pagas extraordinarias será semestral, do 1 de xaneiro ao 30 de xuño a de xullo e do 1 de xullo ao 31 de decembro a de Nadal.

O importe destas pagas será dunha mensualidade de salario base mais o complemento de antigüidade consolidada.

As pagas extras percibiranse na súa integridade, independentemente que a persoa traballadora estivera en situación de I.T. por calquera causa.

Artigo 23º.-Gratificación en concepto de beneficios.

Consideraranse como tais e na contía dunha mensualidade de salario base máis o complemento de antigüidade consolidada. Esta paga deberá referirse ao ano natural anterior, abonándose a prorrata do tempo de servizo. Dita paga abonarase co mes de febreiro.

Ao igual que nas recollidas no artigo anterior, a paga de beneficios percibirase na súa integridade independentemente que a persoa traballadora estivera en situación de I.T. por calquera causa.

Artigo 24º.-Traballos de grupo profesional superior.

As persoas traballadoras coa categoría laboral de peón/a-limpiador/a, que realicen traballos cun equipo hidrodinámico, percibirán un complemento diario equivalente ao plus de máxima, cando o traballo efectivo supere, polo menos, unha hora de duración. O cobro deste complemento non afectará ao cobro do plus de máxima ou ERA´s/ERSA´s, se fose o caso.

No caso de que por necesidade do servizo fixéranse traballos de un grupo profesional superior percibiríanse os salarios correspondentes a ese grupo profesional.

Artigo 25º.-Cambio de turno.

Cando, por necesidade do servizo, sexa preciso facer un cambio de turno obrigatorio a persoa traballadora terá, cando menos, 24 horas consecutivas de descanso. De non ser así, as horas percibiranse como horas extraordinarias.

Artigo 26º.-Pago de salarios.

As retribucións mensuais serán abonadas polas empresas dentro dos catro primeiros días de cada mes. A empresa concederá unha hora para o cobro cando se faga por talón ou transferencia bancaria.

Artigo 27º.-Anticipos.

As persoas traballadoras terán dereito a percibir, sen que chegue o día sinalado para o cobro dos salarios, anticipos a conta do traballo xa realizado, non podendo ser superior ao 90% do realmente traballado. Entenderase como salario o correspondente a unha mensualidade máis a parte proporcional das pagas extraordinarias.

Artigo 28º.-Descansos.

Toda persoa traballadora de xornada continuada, terá dereito a un descanso de quince minutos obrigatorios, computable a todos os efectos como tempo de traballo efectivo.

A Empresa comprométese a cumprir estritamente o artigo 34, punto 3.º do E.T. (descanso de 12 horas entre xornadas).

Artigo 29º.-Tempo para o aseo.

Todo o persoal ten dereito a 20 minutos á saída do traballo para lavarse ou ducharse e cambiarse. Na xornada partida enténdese que hai dúas saídas do traballo, e a persoa traballadora dispón a cada unha delas de 20 minutos para o aseo. Este tempo computa a todos os niveis como tempo de traballo efectivo.

Artigo 30º.-Vacacións.

Serán de 22 días laborais para todas as persoas traballadoras afectadas por este convenio, retribuídas de acordo co salario base, antigüidade consolidada, plus de asistencia, plus de transporte, plus de centro de traballo, plus de actividade, plus de tóxicos así como o plus de nocturnidade que se viñera percibindo.

As vacacións non poderán ser compensadas en metálico, agás no caso de liquidación de contrato ou despido. As vacacións desfrutaranse por cada ano natural de servizo. No caso de que unha persoa traballadora se empregue no transcurso do ano ou deixe a empresa no transcurso do mesmo, desfrutará do tempo de vacacións segundo vínculo coa empresa.

O goce das vacacións anuais será rotatorio, non estando ningunha persoa traballadora obrigada a desfrutar as vacacións no inverno durante dous anos consecutivos, entendendo como meses de inverno, todos os do ano agás os de xuño a setembro, ambos inclusive.

O inicio do período de vacacións sempre será nun día laborable.

A lista das vacacións será feita tendo en conta que só poden coincidir 3 persoas traballadoras no mes de xullo, 3 no de agosto e 2 por cada un dos outros meses. Evitarase tamén a coincidencia de dous ou máis condutores/as por mes.

Cando o período de vacacións fixado no calendario de vacacións da empresa coincida no tempo cunha incapacidade temporal derivada de embarazo, parto ou lactación natural ou co período de suspensión do contrato de traballo previsto nos apartados 4, 5 e 7 do artigo 48 do Estatuto dos Traballadores, terase dereito a desfrutar as vacacións en data distinta á da incapacidade temporal ou á da desfrute do permiso que por aplicación de dito artigo lle correspondera, ao finalizar o período de suspensión, aínda que tivera rematado o ano natural ao que corresponda.

No suposto de que o período de vacacións coincida cunha incapacidade temporal por continxencias distintas ás sinaladas no parágrafo anterior que imposibilite á persoa traballadora desfrutalas, total ou parcialmente, durante o ano natural ao que corresponden, a persoa traballadora poderá facelo unha vez que finalice a súa incapacidade e sempre que non tivera pasado máis de dezaoto meses a partir do final do ano no que se orixinara.

Artigo 31º.-Licencias retribuídas.

A empresa dará obrigatoriamente licencias retribuídas, como se de traballo efectivo se tratasen, a todas as persoas traballadoras que o soliciten, polos seguintes motivos:

- Por matrimonio: 20 días.
- Por matrimonio de fillos/as ou irmáns: un día.
- Por nacemento, adopción e acollemento de fillo/a: tres días naturais.
- Por enfermidade grave ou hospitalización do cónxuxe, pais e fillos/as: tres días naturais.
- Por morte do cónxuxe, pais, irmáns, irmáns-políticos, sogros, avós, fillos/as, xenros/noras e netos/as: tres días naturais.

Polos últimos tres motivos se fose fóra da localidade: catro días naturais.

- Por morte de familiares de 3.º grao: un día.

As licencias comezarán o día laboral posterior ao feito causante.

As parellas de feito terán os mesmos dereitos que os matrimonios, abondando con presentar o certificado de empadramento.

Nos supostos non recollidos neste apartado estarase ao establecido no Estatuto dos Traballadores.

- Cumprimento dun deber público: o tempo necesario.
- Para asistir ao médico: o tempo necesario.
- Para o recoñecemento médico anual: un día.
- Día de convenio: 2 días para asuntos propios. Pódense enlazar coas vacacións. Nestes días non poden coincidir máis de dúas persoas traballadoras, dando preferencia ao orden de solicitudes.
- Cambio de enderezo: un día natural. Se fose fóra da localidade: dous días naturais.
- Por exames: o tempo necesario.
- Asistencia a xuízos: o tempo necesario.
- Por acompañamento ao médico a fillos/as menores de 16 anos ou ascendentes con dependencia recoñecida e que convivan coa persoa traballadora: ata 8 horas anuais.

Artigo 32º.-Licencias non retribuídas.

Durante o ano concederanse sete días de licencias non retribuídas, segundo as necesidades das persoas traballadoras. Estas licencias non se poderán fraccionar en máis de tres períodos, cun tempo mínimo de duración dun día.

Artigo 33º.-Excedencia voluntaria especial.

O persoal que acredite a lo menos tres anos de antigüidade na empresa, poderá solicitar unha excedencia voluntaria por un período non inferior a 6 meses nin superior a 2 anos.

Durante estes dous anos terá dereito á reserva do seu posto de traballo. Dita excedencia voluntaria especial con reserva de posto de traballo poderá ser cuberta durante o tempo de reserva do posto, mediante contrato de interinidade.

Artigo 34º.-Prendas de traballo.

A empresa dará dende o primeiro día de traballo as prendas de protección, hixiene e traballo que fosen necesarias segundo o que prescribe a actual normativa de prevención de riscos laborais, ademais e obrigatoriamente entregaranse por ano, como mínimo, dous buzos ou faenas completas (pantalón, camisa e chaqueta), dúas toallas de ducha, unha chaqueta de auga acolchada e a roupa necesaria en caso de deterioro. Os buzos ou faenas e as toallas entregaranse antes do 31 de xaneiro e a chaqueta acolchada antes do 30 de setembro. A empresa farase cargo do lavado da roupa de traballo.

Artigo 35º.-Vestiaros.

A empresa virá obrigada a solicitar do seu cliente que se facilite un cuarto apropiado ás necesidades do persoal.

Artigo 36º.-Embarazos e igualdade.

Durante a época de embarazo ou lactación, por prescripción médica ou indicación do facultativo, a traballadora ocupará un posto de menos esforzo.

Para o referido ao artigo 85.1 do E.T. sobre medidas dirixidas a promover a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito laboral estarase ao disposto na lexislación vixente.

Artigo 37º.-Xustificantes médicos.

Será obrigación da empresa proporcionar ao centro de traballo os volantes de asistencia para uso das persoas traballadoras no caso de enfermidade. Dito volante, selado e asinado polo médico e cumprimentado polo mesmo, deberá ser suficiente como xustificante do tempo de ausencia da persoa traballadora.

Artigo 38º.-Incapacidade temporal.

A empresa complementará ata o 60% da base reguladora os tres primeiros días de I.T. derivada de enfermidade común ou accidente non laboral.

As persoas traballadoras afectadas polo presente convenio que causen baixa por accidente laboral percibirán o 100% do salario convenio dende o primeiro día da baixa.

Así mesmo, percibirán o 100% do salario convenio dende o primeiro día de baixa ata un máximo de catro meses, as persoas traballadoras que causen baixa de I.T. con hospitalización ou por intervención cirúrxica, independentemente, de que parte de dito período estivese hospitalizado e parte de convalecencia domiciliaria.

O plus de asistencia, as pagas extras e a paga de beneficios non se verán afectadas no seu importe habitual polas situacións de I.T. derivadas de accidente de traballo. Tampouco se verán afectados no seu importe polas baixas de I.T. contempladas no parágrafo anterior durante o período e nas condicións sinaladas no mesmo. Con respecto á I.T. derivada de enfermidade común ou accidente non laboral terase en conta o disposto nos artigos 22 e 23 do presente convenio, en relación co abono das pagas extraordinarias e gratificación de beneficios.

Artigo 39º.-Saúde laboral e acoso sexual.

Será de aplicación a vixente Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e normativa que a desenvolve.

A empresa reconece o dereito das persoas empregadas a traballar nun medio exento de riscos de acoso sexual e comprométese a non permitir nin tolerar ningún comportamento desa natureza.

Acoso sexual: Denomínase acoso sexual aquelas condutas verbais ou físicas de natureza sexual que son consideradas ofensivas e non desexables pola persoa que as sofre.

As persoas comprométese a tratar con discreción e prontitude as reclamacións que se presenten por este motivo tanto de xeito persoal ou a través dos comités de empresa ou delegados de persoal.

Tamén se comprometen a non exercer ningún tipo de represalias sobre as persoas que sufran ou denunciaren actuacións deste tipo.

A revisión médica anual e obrigatoria será por conta da empresa.

Artigo 40º.-Período de proba.

O período de proba quedará establecido nas seguintes formas:

- Persoal obreiro ou subalterno: 15 días.
- Persoal técnico e administrativo: 2 meses.
- Persoal titulado: 2 meses.

Artigo 41º.-Contratos eventuais por circunstancias do mercado.

Para este tipo de contrato será de aplicación o estipulado no artigo 35 do "Convenio Colectivo Provincial de Limpeza de Edificios e Locais de A Coruña".

No suposto de non producirse a extinción á finalización da vixencia máxima do mesmo, se a persoa traballadora segue prestando servizos a mesma, o contrato transformarase en indefinido.

O presente contrato só será de aplicación para o persoal que preste servizos directamente para as empresas do sector, nunca aos de empresas de traballo temporal.

Artigo 42º.-E.T.T.

As partes afectadas polo presente convenio renuncian expresamente á utilización de Empresas de Traballo Temporal.

Artigo 43º.-Ceses voluntarios.

O prazo de aviso previo nos casos de cese voluntario das persoas traballadoras será de 15 días.

Artigo 44º.-Dereitos sindicais.

A empresa incluída no ámbito funcional deste convenio, descontará na nómina mensual das persoas traballadoras, a petición destas, o importe da cota sindical correspondente. Para o cal, as persoas traballadoras interesadas, remitirán a dirección da empresa un escrito no que expresarán con claridade a orde de desconto, a central ou sindicato a que pertencen, a contía da cota, así como o número da conta corrente ou libreta de aforros do banco ou caixa de aforros para poder ser transferida a citada cantidade.

As persoas traballadoras que ostentando a condición de representantes sindicais realicen a súa xornada laboral en horas nocturnas poderán desfrutar as horas sindicais que puideran corresponderlles na xornada laboral anterior ou posterior, de común acordo coa dirección da empresa e seguindo en todo caso criterios organizativos.

Seccións Sindicais: Amplíase ás empresas de 50 ou máis persoas traballadoras todos os dereitos sobre seccións sindicais de empresa, os estipulados na Lei Orgánica 11/85 de 2 de agosto de Liberdade Sindical.

Quen obteña cargos a nivel provincial, autonómico ou estatal, nas organizacións sindicais terán dereito a excedencia forzosa, con reserva do posto de traballo e reingreso automático. Así mesmo terán dereito a asistencia e ao acceso ao centro de traballo para participar en actividades propias do seu sindicato ou do conxunto das persoas traballadoras, previa comunicación ao empresario e sen que o exercicio deste dereito poda interromper o desenvolvemento normal do proceso produtivo.

A empresa facilitará na medida das súas posibilidades a realización de asembleas cando fose necesario, naqueles centros que reúnan condicións para elo e nos demais centros facilitarán ás persoas traballadoras a asistencia a ditas asembleas cando se realicen noutro lugar. O exercicio deste dereito non afectará a xornada laboral polo que será recuperable o tempo de traballo que se vexa afectado pola realización das citadas asembleas.

O crédito de horas recoñecido para as actuacións necesarias do desempeño do cargo de delegado/a de persoal e delegado/a de PRL será de 22,5 horas mensuais. Podendo facer uso delas no mes correspondente ou no mes seguinte se así o considera oportuno.

Os traballadores/as que sexan membros da comisión negociadora do convenio terán dereito a permiso retribuído os días de negociación do convenio.

Polo demais, as competencias e garantías da representación das persoas traballadoras, será a establecida nos artigos 64 e 68 do E.T. e na Lei Orgánica de Liberdade Sindical.

Artigo 45º.-Adscrición do persoal.

As partes asinantes asumen as obrigas que puideran derivarse do artigo 33.º do “Convenio Colectivo de Limpeza de Edifícios e Locais de A Coruña” que se reproduce a continuación:

Respetando o establecido no “I Convenio Sectorial de limpeza de edificios e locais”, regúlase no presente artigo a adscrición do persoal:

1.- Ao termo da concesión dunha contrata de limpeza as persoas traballadoras da empresa contratista saínte pasarán a ser adscritas á nova titular da contrata, quen se subrogará en todos os dereitos e obrigas, sempre que se dea algún dos seguintes supostos:

a) Persoas traballadoras en activo que presten servizos en dito centro cunha antigüidade mínima de catro meses, sexa cal fose a modalidade do seu contrato.

b) Persoas traballadoras que no momento do cambio de titularidade da contrata se atopen enfermas, accidentadas, en excedencia, sempre e cando prestaran os seus servizos no centro de traballo de subrogación con anterioridade á suspensión do contrato de traballo, e que reúnan a antigüidade mínima establecida no apartado a).

c) Persoas traballadoras que con contrato de interinidade substitúan a algunhas das persoas traballadoras citados no apartado anterior.

d) Persoas traballadoras de novo ingreso que por esixencias do cliente se incorporaran ó centro de traballo como consecuencia da ampliación da contrata, dentro dos últimos catro meses.

e) O persoal incorporado polo anterior titular a este centro de traballo dentro dos catro meses, seguirá pertencendo a dita empresa e non se producirá a subrogación citada agás que se acredite a súa nova incorporación ó centro e á empresa.

2.- Todos os supostos anteriormente contemplados deberán acreditarse, feacemente e documentalmente pola empresa saínte no prazo de cinco días hábiles, mediante os documentos que se detallan ao final deste artigo.

O indicado prazo contará dende o momento no que a empresa entrante comunique feacemente a saínte e a “Asociación Provincial de Empresarios de Limpeza de A Coruña”, ser a nova adxudicataria do servizo. De non cumprir este requisito a empresa entrante, automaticamente, e sen máis formalidades, subrogarase en todo o persoal que preste os seus servizos no centro de traballo.

En calquera caso, o contrato de traballo entre a empresa saínte e as persoas traballadoras, só se extingue no momento que se produza a subrogación do mesmo á nova adxudicataria.

3.– Non operará a subrogación no caso dun contratista que realice a primeira limpeza e non subscribise contrato de mantemento.

4.– Se a subrogación dunha nova titular da contrata, implicase que unha persoa traballadora realizase a súa xornada en dous centros distintos afectando a un só deles o cambio da titularidade da contrata, os titulares das mesmas xestións o pluriemprego legal da persoa traballadora, así como o desfrute conxunto de período das vacacións, abonándose pola empresa saínte a liquidación por partes proporcionais das pagas correspondentes. Esta liquidación non implicará o finiquito, se se segue traballando para a empresa.

5.– A aplicación deste artigo será de obrigado cumprimento ás partes que vincula, empresa cesante, nova adxudicataria e traballador/a.

Non desaparecerá o carácter vinculante deste artigo no caso de que a empresa adxudicataria do servizo suspendese o mesmo por un período inferior a doce meses, dito persoal, con todos os seus dereitos, adscribirase á nova empresa.

Documentos a facilitar pola empresa saínte á entrante:

- Documento de adscrición (Anexo IV).
- Certificado do organismo competente de estar ao corrente do pago da seguridade social.
- Fotocopias das 4 últimas nóminas do persoal afectado.
- Fotocopia dos TC1 e TC2 de cotización á seguridade social dos 4 últimos meses. - Copia do último contrato de traballo e as súas prórrogas, no caso de existir.
- Relación do persoal na que se especifique nome e apelidos, enderezo, n.º de afiliación á seguridade social, antigüidade, xornada, horario, modalidade da súa contratación e data de desfrute das súas vacacións.
- Igualmente, e dentro dos 15 días seguintes á subrogación, a empresa saínte estará obrigada a enviar á empresa entrante, copia dos documentos, debidamente dilixenciados por cada persoa traballadora, no que se faga constar que esta recibiu da empresa saínte a súa liquidación de partes proporcionais dos seus haberes ata o momento da subrogación, non quedando pendente cantidade algunha. O incumprimento da entrega deste documento en nada afectará á subrogación das persoas traballadoras.

O non tratarse a subrogación regulada neste artigo dunha sucesión de empresas regulada polo artigo 44 do Estatuto dos Traballadores, se non dunha subrogación establecida por convenio colectivo coa única finalidade de mantemento do emprego, no caso de que se evidencie, con relación ás persoas traballadoras afectadas, impagos, descubertos ou irregularidades na cotización ou nas retencións, a empresa entrante queda eximida da responsabilidade sobre calquera dos mencionados impagos, descubertos ou irregularidades que se houberan cometido antes da data da substitución da empresa concesionaria saínte.

Artigo 46º.-Seguro de vida.

A empresa afectada por este convenio subscribirá Pólizas de Seguro Colectivo a favor de todo o persoal por un capital de 22.000 € para as continxencias de morte, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez derivadas calquera delas de accidente laboral, incluído o accidente “in itinere”.

Artigo 47º.-Normas supletorias.

Para o non previsto no presente convenio, ou estando previsto sempre que beneficie ás persoas traballadoras, será de aplicación o “Convenio Colectivo Provincial de Limpeza de Edificios e Locais de A Coruña”.

Serán normas subsidiarias do establecido neste convenio, o “I Convenio Colectivo Sectorial de Limpeza de Edificios y Locales” ou norma que o suceda.

Artigo 48º.-Solución de conflitos.

As partes asinantes deste convenio, durante a vixencia do mesmo, acordan someterse ás disposicións contidas no Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos de traballo (AGA), nos propios termos en que están formuladas.

Artigo 49º.-Cláusula de inaplicación do convenio.

É intención das partes asinantes dar pleno cumprimento ao contido pactado no convenio colectivo durante toda a vixencia do mesmo. Por elo, si excepcionalmente xurdira calquera posible necesidade de inaplicación do mesmo, a empresa

exporá tal circunstancia a súa comisión paritaria, coa vontade de buscar solucións non traumáticas que permitan facer fronte á problemática plantexada, comprometéndose ambas partes a poñer todos os esforzos para alcanzar un acordo.

Unha vez transcorrido un prazo non superior a 7 días sen que as partes alcanzasen un acordo no seo da comisión paritaria, poderase acudir, de conformidade co disposto no artigo 82 do Estatuto dos Traballadores, aos procedementos establecidos no AGA, de mediación ou conciliación instadas por calesquera das partes, ou no seu caso de arbitraje, sempre e cando este sexa instado de común acordo por ámbalas dúas partes.

Cláusula adicional. Mantemento do emprego.

Por parte da empresa establécese o compromiso do mantemento do emprego no servizo da limpeza industrial da refinería de Repsol Petróleo de A Coruña durante a vixencia do presente convenio, o que supón que non se amortizará de forma unilateral ningún posto de traballo. En calquera caso déixase a salvo calquera decisión que contractualmente poda tomarse por parte de Repsol Petróleo respecto a dito servizo.

ANEXO I

TÁBOA SALARIAL 2021 (Provisional)

	Diario	Mensual	Anual
Grupo profesional III : Administrativos/as	Salario base:		
Oficial de 1 ^a	47,57	1.427,10	21.406,50
Oficial de 2 ^a	42,37	1.271,17	19.067,55
Auxiliar	38,74	1.162,16	17.432,40
Grupo profesional II : Mandos Intermedios	Salario base:		
Encargado/a Xeral	48,89	1.466,61	21.999,15
Encargado/a de Zona	45,39	1.361,65	20.424,75
Encargado/a de Sector	44,25	1.327,43	19.911,45
Grupo profesional I : Persoal de Limpeza	Salario base:		
Conductor/a Limpador/a	42,41	1.272,36	19.085,40
Especialista	40,47	1.214,11	18.211,65
Encargado/a	37,40	1.121,90	16.828,50
Peón/a Especialista	35,91	1.077,38	16.160,70
Responsable de Equipo	35,57	1.067,02	16.005,30
Peón/a Limpador/a	27,50	824,90	12.373,50
Pluses	Pluses:		
Asistencia	2,63	78,82	945,84
Transporte	2,61	78,36	940,32
Actividade	1,49	44,61	535,32
Centro de Trabajo	1,85	55,38	664,56
Tóxicos	20% do salario base		
Nocturnidade	30% do salario base		
Máxima e ERA´s/ERSA´s	9,49		
Festivo Retén	10,65		
Retén (semanal)		169,51	
Horas extras	Horas extras:		
Hora Extra Normal Xeral		15,65	
Hora Extra Festiva Xeral		17,50	
Hora Extra Festiva-Nocturna Xeral		18,50	
Hora Extra Normal Peón/a limpador/a		12,75	
Hora Extra Festiva Peón/a limpador/a		14,88	
Hora Extra Festiva-Nocturna Peón/a limpador/a		16,50	
Dietas	Dietas:		
1 Comida		18,95	
2 Comidas		33,93	
Dieta Completa		56,54	

As cantidades diarias agás a de "Máxima" e a de "Festivo Retén" son a título informativo.

ANEXO II

TÁBOA SALARIAL 2022 (Provisional)

	Diario	Mensual	Anual
Grupo profesional III : Administrativos/as	Salario base:		
Oficial de 1ª	48,76	1.462,78	21.941,70
Oficial de 2ª	43,43	1.302,95	19.544,25
Auxiliar	39,71	1.191,21	17.868,15
Grupo profesional II : Mandos Intermedios	Salario base:		
Encargado/a Xeral	50,11	1.503,28	22.549,20
Encargado/a de Zona	46,52	1.395,69	20.935,35
Encargado/a de Sector	45,35	1.360,62	20.409,30
Grupo profesional I : Persoal de Limpeza	Salario base:		
Conductor/a Limpador/a	43,47	1.304,17	19.562,55
Especialista	41,48	1.244,46	18.666,90
Encargado/a	38,33	1.149,95	17.249,25
Peón/a Especialista	36,81	1.104,31	16.564,65
Responsable de Equipo	36,46	1.093,70	16.405,50
Peón/a Limpador/a	28,18	845,52	12.682,80
Pluses	Pluses:		
Asistencia	2,69	80,79	969,48
Transporte	2,68	80,32	963,84
Actividade	1,52	45,73	548,76
Centro de Traballo	1,89	56,77	681,24
Tóxicos	20% do salario base		
Nocturnidade	30% do salario base		
Máxima e ERA´s/ERSA´s	9,73		
Festivo Retén	10,92		
Retén (semanal)	173,75		
Horas extras	Horas extras:		
Hora Extra Normal Xeral	16,04		
Hora Extra Festiva Xeral	17,94		
Hora Extra Festiva-Nocturna Xeral	18,96		
Hora Extra Normal Peón/a limpador/a	13,07		
Hora Extra Festiva Peón/a limpador/a	15,25		
Hora Extra Festiva-Nocturna Peón/a limpador/a	16,91		
Dietas	Dietas:		
1 Comida	19,42		
2 Comidas	34,78		
Dieta Completa	57,95		

As cantidades diarias agás a de "Máxima" e a de "Festivo Retén" son a título informativo.

ANEXO III

TÁBOA SALARIAL 2023 (Provisional)

	Diario	Mensual	Anual
Grupo profesional III : Administrativos/as	Salario base:		
Oficial de 1ª	50,47	1.513,98	22.709,70
Oficial de 2ª	44,95	1.348,55	20.228,25
Auxiliar	41,10	1.232,90	18.493,50
Grupo profesional II : Mandos Intermedios	Salario base:		
Encargado/a Xeral	51,86	1.555,90	23.338,50
Encargado/a de Zona	48,15	1.444,54	21.668,10
Encargado/a de Sector	46,94	1.408,24	21.123,60
Grupo profesional I : Persoal de Limpeza	Salario base:		
Conductor/a Limpador/a	44,99	1.349,82	20.247,30
Especialista	42,93	1.288,02	19.320,30
Encargado/a	39,67	1.190,20	17.853,00
Peón/a Especialista	38,10	1.142,96	17.144,40
Responsable de Equipo	37,73	1.131,98	16.979,70
Peón/a Limpador/a	29,17	875,11	13.126,65
Pluses	Pluses:		
Asistencia	2,79	83,62	1.003,44
Transporte	2,77	83,13	997,56
Actividade	1,58	47,33	567,96
Centro de Traballo	1,96	58,76	705,12
Tóxicos	20% do salario base		
Nocturnidade	30% do salario base		
Máxima e ERA´s/ERSA´s	10,07		
Festivo Retén	11,30		
Retén (semanal)	179,83		
Horas extras	Horas extras:		
Hora Extra Normal Xeral	16,60		
Hora Extra Festiva Xeral	18,57		
Hora Extra Festiva-Nocturna Xeral	19,62		
Hora Extra Normal Peón/a limpador/a	13,53		
Hora Extra Festiva Peón/a limpador/a	15,78		
Hora Extra Festiva-Nocturna Peón/a limpador/a	17,50		
Dietas	Dietas:		
1 Comida	20,10		
2 Comidas	36,00		
Dieta Completa	59,98		

As cantidades diarias agás a de "Máxima" e a de "Festivo Retén" son a título informativo.

ANEXO IV

DOCUMENTO DE ADSCRICIÓN

Empresa _____ N° Seg. Soc. ____/ _____

Enderezo _____ C.I.F. _____

Centro de Trabajo: _____

Traballador/a: _____ N° Seg. Soc. ____/ _____

Enderezo: _____ D.N.I. _____

Data de Antigüidade: _____ Categoría Laboral: _____

Xornada Diaria: _____ horas _____ minutos.

Xornada Semanal: _____ horas _____ minutos.

Horario de Trabajo: de _____ a _____

de _____ a _____

Observacións:

Pola Empresa:

O Traballador/a: